

**Acta núm. 14/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 22 de xuño de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.

Carlos Noya Pereira.

José Luis Sampedro Bouzas.

Sandy Marie Cebal Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 22 de xuño de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2021, DO 08.06.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADE).
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZA DE VADO PERMANENTE.
- 7º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2021, DO 08.06.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08.06.2021, acta núm. 13/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EUGENIO VILAS PICADO, na que comunica que vai limpar e pintar as fachadas, en cor similar ao existente, e suxeitar as tellas soltas da cuberta, na vivenda do Paseo de Pedrouzos 2, Brión.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6357807NH2465N0027SR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobación das seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,77 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁLVARO SILVA FRAMIL, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre), dunha única planta e escasa entidade construtiva, de 49 m², con fábrica de bloque, en Bemil, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B503007330000MD) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico, séndolle de aplicación o réxime

establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira e o artigo 34.2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Segundo o artigo 50.g) do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, non poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.

.- A construción situarase dentro da parcela, mínimo a 10 metros do eixo do vial, segundo o artigo 3.9 do PXOM, mínimo a 5 metros de tódolos lindeiros, estará convenientemente revestida e pintada e a cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 228,88 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA YOLANDA VÁZQUEZ BARROS, na que comunica que vai realizar obras no interior da vivenda da Rúa da Fonte 13, escaleira 1, porta 2A, Os Ánxeles, consistentes en pintar o baño e demoler un tabique, sen afectar á estrutura da edificación.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6745109NH2464N00024FU) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ LAMEIRO, na que comunica que vai substituír o portalón do peche, por un portalón novo de corredoiro, situado na mesma posición, en Cornanda 31, Cornanda. Trátase dunha obra de construción de escasa entidade técnica e construtiva.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7336803NH1473N0001OA) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como CE2 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,22 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,79 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA BEATRIZ MANSILLA TRILLO, na que comunica que vai realizar obras de mantemento nun peche, substituíndo o arame en mal estado por arame novo e colocando dúas filas de bloques a maiores, en Brión de Abaixo 29, Brión. O peche sitúase en contacto coa vía pública, a menos de 4 metros do eixo e supera as obras de conservación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5457901NH2455N0001DE) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.
- .- Os bloques serán convenientemente revestidos e pintados.
- .- A altura máxima do peche será de 1,20 metros na parte opaca, e máximo 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA TEMBRA ANTELO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Rúa San Ramón 5, Os Ánxeles:

- .- Pechar o fronte da parcela con bloques de formigón convenientemente revestido e pintado, ata unha altura de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo, e separado 4 metros do eixe do vial, segundo o aliñamento establecido nos planos de ordenación.
- .- Encintado das fachadas de pedra.
- .- Reparación da cuberta substituíndo as pranchas de fibrocemento e a tella en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7649407NH2474N0001OJ) atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,44 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,01 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARÍA ÁLVAREZ GÓMEZ, na que comunica que vai abrir unha fiestra de ventilación e iluminación na planta baixa da edificación, eliminando as pequenas aberturas actualmente existentes e colocando carpintería de aluminio, na Praza de Santo Antonio 4, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6746205NH2464N0001HD) atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM, e sitúase a menos de 20 metros da Fonte de Santo Antonio, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AI2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 07/06/2021 (expediente núm.: 703/21) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A dimensión, materiais e cor da nova carpintería serán similares a das carpinterías existentes na vivenda.
- O paramento sobre o que se intervén rematarase enfuscado con morteiro e pintado na mesma cor da edificación da que forma parte.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Gema Navas María, que di actuar en representación de CARLOS PREGO FREIRE, na que comunica que vai instalar 9 paneis fotovoltaicos na cuberta da vivenda de Chave de Carballo 32, Bastavales, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para producir enerxía eléctrica de autoconsumo.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9322814NH2492S0001YX) atópase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,95 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,52 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DOLORES HERMITAS RIVAS LEMOS, na que comunica que vai substituír 4 fiestras exteriores para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da vivenda.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9011402NH2491S0001IT) atópase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE CASAL ROMERO, na que comunica que vai colocar un portalón no peche de parcela existente e construír unha rampla de acceso de formigón, en Soutullos 7, San Salvador.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7525402NH2472N0001BY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O portalón do peche situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.

.- A rampla de formigón construírase do portalón ao interior da parcela, empezando a máis de 4 metros do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 120,57 euros.

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ LAMEIRO, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras para substituír a cuberta dun alpendre sito en Cornanda 11, Cornanda.

A Xunta de Goberno Local con data 19.06.2020, autorizou a José Manuel Sánchez Lameiro as obras para substituír a cuberta do alpendre de Cornanda 11, Cornanda, colocando tella como material de cubrición e sen modificar a tipoloxía nin o volume do alpendre, segundo documentación presentada e asinada pola arquitecta técnica Anuncia Villar Neo en febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Xosé Pouso Iglesias, que di actuar en representación de JOSÉ LUIS SANTOS SÁNCHEZ, para o funcionamento dunha nave destinada a taller de reparación de maquinaria agroforestal, en San Salvador 37, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local do 02.03.2021 autorizou a José Luís Santos Sánchez para acondicionar unha nave existente en San Salvador, para destinala a taller de reparación de maquinaria agroforestal, segundo proxecto de actividade e acondicionamento para taller de reparación de maquinaria agroforestal, redactado polo arquitecto técnico Pablo Xosé Pouso Iglesias.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto técnico Pablo Xosé Pouso Iglesias o 28.03.2021 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da nave destinada a taller de reparación de maquinaria agroforestal, en San Salvador 37, San Salvador, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Óscar Javier Pose Andrade, que di actuar en representación de JOSÉ SAMPEDRO GANDARELA, para ampliar a actividade de explotación de vacún de leite, en Vioxo de Abaixo, Luaña.

Con data 20/09/2016 a Xunta de Goberno Local concede licenza para ampliar unha explotación de vacún de leite (ampliación do silo, ampliación de almacén, ampliación do curro, construción dun estercoiro e dun muro de contención de terras) en Vioxo de Abaixo, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar Javier Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 30/03/2016 e anexos 1, 2 e 3 con visados do 04/04/2016, 26/05/2016 e 14/09/2016.

Con data 09/04/2019 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da comunicación efectuada para poñer a licenza de obra maior para ampliar unha explotación de vacún de leite (ampliación do silo, ampliación de almacén, ampliación do curro, construción dun estercoiro e dun muro de contención de terras), situada en Vioxo de Abaixo, Luaña, a nome de José Sampedro Gandarela.

Con data 13/03/2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de obra para modificar a licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 20/09/2016, para ampliar a explotación de vacún de leite, no lugar de Vioxo de Abaixo – A Luaña, segundo “Anexo nº IV proxecto de ampliación de explotación de vacún de leite”, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar Javier Pose Andrade, visado (CO-20160416) no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 08/11/2019.

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra do enxeñeiro técnico agrícola Óscar Javier Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 22.07.2020, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da ampliación da actividade de explotación de vacún de leite, en Vioxo de Abaixo, Luaña, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
-. Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.
Total: 263,25 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ricardo Pérez Bellón, que di actuar en representación de PEBEGASA S.C, para o funcionamento dunha actividade destinada a almacén agrícola, en Pousada, Viceso.

Con data 04.02.2020 a Xunta de Goberno Local concede licenza de obra para construción dun almacén agrícola no lugar de Pousada, parroquia de Viceso, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, que conta con visado colexial de data 31.07.2019 e documentación complementaria (núm. visado. 14048).

Con data 26.02.2021 (r. e. núm. 545) o interesado solicita se lle permita o mantemento en precario do espazo de cesión ao Concello con destino a viario público, co compromiso de proceder a demolición do muro que queda en situación de precario, sen indemnización algunha, no intre que o Concello o requira, e singularmente cando se proceda polo Concello á ampliación do vial; quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación, sen que se podan levar a cabo no mesmo máis obras que as que permite o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e o artigo 205 do seu Regulamento.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 02.06.2021, visado núm. CO-20210387, do informe favorable do asesor

xurídico urbanístico do Concello, sobre o mantemento en precario do muro de peche, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da actividade destinada a almacén agrícola, en Pousada, Viceso, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar o mantemento en precario do espazo de cesión ao Concello con destino a viario público, co compromiso de proceder a demolición do muro que queda en situación de precario, sen indemnización algunha, no intre que o Concello o requira, e singularmente cando se proceda polo Concello á ampliación do vial; quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación, sen que se podan levar a cabo no mesmo máis obras que as que permite o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e o artigo 205 do seu Regulamento.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, en Vilas 33, Bastavales, derivando o condutor XZ1 4x(1x50) ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para canalizar o mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 35 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Coruña o 16/04/2021, visado nº 1109/21-CO.

A parcela onde se van a realizar as obras (referencia catastral 6622824NH2462S0001YP) está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 590,20 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 202100000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 58,04 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 122,61 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Deus Losada, que di actuar en representación de CORAL HOMES S.L., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión con unha nova liña de alimentación desde o CT da Rúa Senra 15CFZM da distribuidora UFD Distribución Electricidad S.A., ata o novo punto de subministro na Avda. de Noia 21, Os Ánxeles. Para canalizar o mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 134 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro

técnico industrial José M. Carnota Mosquera, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de A Coruña, visado número 3002-20-CO.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral 6747226NH2464N0000JS) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 07.06.2021 (clave DH.W15.74674), da autorización do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2020/2083), e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 3.224,48 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 584,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 649,47 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOS NÚÑEZ PICALLO, na que solicita licenza para instalar unha terraza de 4 metros de ancho e 8 metros de largo, diante do bar A Pedra, en Sabaxáns 28, Bastavales, colocando tarima de madeira ao nivel da beirarrúa e un peche perimetral; fora do espazo comprendido entre o eixo da estrada e os 5 metros que delimitan o dominio público da estrada AC-300, en zona de dominio público municipal.

O bar A Pedra conta con licenza de apertura outorgada pola Comisión de Goberno o día 3 de marzo de 1997 e atopase nun solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1), nun treito urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte na que afecte á zona de dominio público. A autorización outorgada para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderá ser revogada unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar no dominio público a administración titular deste, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar á súa conta os elementos instalados.

.- A terraza non limitará a accesibilidade dos viandantes, manténdose en todo momento un tránsito peonil fluído, cómodo e seguro.

.- Todos os elementos e mobiliario da terraza manteranse cando menos a unha separación de 50 centímetros co carril da estrada.

.- A terraza estará formada por elementos móbiles facilmente desmontables, tales como mesas, cadeiras, parasois, mamparas, etc, que deberán ser retirados ao rematar a xornada de apertura do establecemento.

.- Finalizada a obra comunicarase o comezo da actividade.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 69,57 euros.

SEXTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Anna Paulina Dudek, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN O MIRADOR 37-46, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo do garaxe das vivendas situadas en Babenzo 37-46, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.
Total: 63,00 euros.

SÉTIMO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Isaac López Alborés, que di actuar en representación de ISMAEL GARCÍA CARBALLO, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Vilas 35, Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto José Deus Losada, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.02.2021 e documentación complementaria visada o 22.04.2021. (expediente núm. 2100601).
A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 6924807NH2462S0001IP) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (expediente 2256/20) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto José Deus Losada, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.02.2021 e documentación complementaria visada o 22.04.2021. (expediente núm. 2100601).
- A utilización de materiais en imitación doutros (pvc imitando madeira), non resulta un criterio axeitado, polo que as carpinterías exteriores poden ser ou ben en madeira ou ben en pvc cor marrón ou calquera outra cor das tradicionais no contorno.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (60,00 m² aceptados pola Xunta de Goberno Local do 26.03.2020), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a

nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.800,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 112,59 euros.

Total: 1.912,59 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xavier Liñares Tüñez, que di actuar en representación de NADIA FONSECA LORENZO e PABLO DE JESÚS ENRIQUE, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar en O Cabo 25, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado pola sociedade Salgado e Liñares, S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.11.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 7645816NH2474N0001DJ) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.75217), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola sociedade Salgado e Liñares, S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.11.2020 (expte. núm. 2006083).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (aceptados pola Xunta de Goberno Local do 16.12.2020), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.405,07 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 169,64 euros.
- Total: 3.574,71 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago López González, que di actuar en representación de PIROTECNIA LÓPEZ SL, na que solicita licenza para unha modificación substancial do taller de pirotecnia sito na parroquia de Santa María de Viceso, segundo proxecto refundido para a modificación e adaptación ao RD 989/2015, do 30 de outubro, do taller de pirotecnia da empresa PIROTECNICA LÓPEZ, S.L., asinado pola enxeñeira de minas María del Carmen Moreira Piquense, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 26.05.2021.

Finalidade da actuación e uso:

- Modificación do peche para as dependencias nº 4 e nº 5, coa finalidade de que a distancia ao peche sexa maior de 10 metros.
- Modificación da dependencia nº 9, oficinas e servizos, ca finalidade de albergar un novo baño e unha sala de usos múltiples.
- Construción dunha defensa entre o peche da instalación e os edificios nº 1 e nº 2, coa finalidade de adecuar as distancias a 10 metros.
- Instalación dunha cuberta na zona de traballo do molino, no exterior da dependencia nº 5.
- Construción dun novo edificio (nº 10) para o almacenamento de produtos intermedios, que albergará as mesturas de composición detonante e tiros.
- Construción dun novo edificio (nº 11) para o secado de produtos pirotécnicos (segregados fisicamente).
- Construción dunha nova dependencia para o encher e pechar os cartuchos.
- Construción dun novo edificio (nº 15) para o almacenamento de produtos pirotécnicos rematados, con división de risco 1.1.

- .- Construción dun novo edificio para o almacenamento de produtos pirotécnicos rematados, con división de risco 1.4.
- .- Axuste das cantidades máximas de materia regulamentaria por dependencia, segundo a ITC núm. 9.
- .- Aumento do nivel de produción diario.

As parcelas onde se pretende executar as obras (referencia catastral 15013A009005850000UF, 15013A009002830000UU e 15013A009002840000UH) están clasificadas como solo rústico de protección forestal.

Antecedentes:

1. O 30.09.1998 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a PIROTECNIA LÓPEZ S.L. para instalación dun almacén de artificios pirotécnicos na parroquia de Santa María de Viceso.
2. O 08.01.2004 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a PIROTECNIA LÓPEZ S.L. para a instalación dunha liña soterrada de baixa tensión na estrada de San Fins de Brión a Mourentáns.
3. O 05.08.2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obras a PIROTECNIA LÓPEZ S.L. para o establecemento dun depósito comercial de produtos pirotécnicos con capacidade máxima de 7.000kg e para o establecemento dun taller de pirotecnia, e igualmente a licenza provisional de actividade.
4. O 08.06.2010 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza definitiva de apertura a PIROTECNIA LÓPEZ S.L. para a actividade de taller de pirotecnia e depósito comercial.
5. O 07.10.2014 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de legalización das obras de construción dunha nova caseta de 19m² dentro da instalación da Pirotecnia López S.L.
6. O 30.03.2021 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as obras de modificación da situación do peche, co fin de garantir a distancia mínima de 10 metros de seguridade ás casetas, construíndo 154 metros lineais de peche novo segundo proxecto técnico redactado por Vibraquipo S.L.U., visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 03.04.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.66236), da autorización da Subdelegación do Goberno en A Coruña asinada o 24.02.2021 para as obras contidas no proxecto refundido, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto refundido para a modificación e adaptación ao RD 989/2015, do 30 de outubro, do taller de pirotecnia da empresa PIROTECNICA LÓPEZ, S.L., asinado pola enxeñeira de minas María del Carmen Moreira Piquense, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste o 26.05.2021.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

-. Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 189,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 285,59 euros.

OITAVO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.06.2021, que transcrita di:

Antecedentes.

1. Pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en sesión do 24.11.2020 acordouse aprobar o proxecto técnico da obra denominada: Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de contrata de: 950.726,78 euros, IVE incluído, realizado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, de data decembro de 2019.

2. Pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en sesión de data 16.12.2020, acordouse:

1º) Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

2º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.1 da LCSP cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que ha rexer no contrato, asinado por esta alcaldía con data 02.12.2020.

3º) Autorizar o gasto por importe de: 950.726,78 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación: 1532.61904 do orzamento vixente onde existe retido crédito por intervención.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

3. Resultando que o anuncio de licitación saíu publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o perfil de contratante do Concello, con data 22.12.2020, presentáronse as seguintes empresas:

1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL.
2. CONSTRUCCIONES CERNADAS SL
3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL
4. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL.
5. CONSTRUCCIONES RAFAEL SL.
6. COSMALCA SL
7. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL.
8. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
9. EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL
10. EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
11. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL
12. GESTAL Y LÓPEZ SL.
13. HORDESCON SL
14. MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL.
15. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL
16. NEMESIO ORDOÑEZ SA
17. OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Sendo as súas ofertas:

1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL., oferta un prezo de: 890.545,77 euros, IVE incluído.
2. CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, oferta un prezo de: 903.190,00 euros, IVE incluído.
3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL, oferta un prezo de: 884.412,79 euros, IVE incluído.
4. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL., oferta un prezo de: 752.119,96 euros, IVE incluído.
5. CONSTRUCCIONES RAFAEL SL., oferta un prezo de: 827.132,30 euros, IVE incluído.
6. COSMALCA SL, oferta un prezo de: 872.767,17 euros, IVE incluído.
7. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL., oferta un prezo de: 762.577,95 euros, IVE incluído.
8. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, oferta un prezo de: 716.848,00 euros, IVE incluído.
9. EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL, oferta un prezo de: 878.471,54 euros, IVE incluído.
10. EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, oferta un prezo de: 784.218,00 euros, IVE incluído.
11. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL, oferta un prezo de: 739.332,00 euros, IVE incluído.
12. GESTAL Y LÓPEZ SL., oferta un prezo de: 835.974,06 euros, IVE incluído.
13. HORDESCON SL, oferta un prezo de: 753.165,76 euros, IVE incluído.
14. MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL., oferta un prezo de: 760.485,00 euros, IVE incluído.
15. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL, oferta un prezo de: 803.364,13 euros, IVE incluído.
16. NEMESIO ORDOÑEZ SA, oferta un prezo de: 872.196,75 euros, IVE incluído.
17. OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL., oferta un prezo de: 834.420,01 euros, IVE incluído.
4. A Mesa de Contratación en sesión do 13.01.2021, acordou:

1º) Requirirle ás empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA; FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL; CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL; HORDESCÓN SL; MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL, E CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, cuxas ofertas se atopan incursas en ofertas anormalmente baixas en aplicación do disposto na cláusula 15.4.2 do PCAP, que xustifiquen a súa oferta, por medios electrónicos e asinada electronicamente, a través do perfil de contratante do Concello que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de cinco (5) días hábiles desde o envío da correspondente comunicación, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). A xustificación realizada polos licitadores se remitirá posteriormente a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

5. A Mesa de Contratación en sesión do 17.02.2021, acordou:

1º) Excluir do procedemento ás empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA; FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL; HORDESCÓN SL; MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL, E CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, polos seguintes motivos:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por non xustificar adecuadamente conforme aos criterios fixados na cláusula 15.4.3. do prego de cláusulas administrativas a súa oferta, de conformidade co informe da arquitecta municipal, e ademais, por presentar a documentación requirida na Plataforma de Contratación do Sector Público fora de prazo, e non proceder admitir o seu escrito do 09.02.2021, por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva porque sería contrario ao principio de igualdade entre os licitadores participantes, pois do contrario podería resultar beneficiario do seu propio erro en prexuízo dos outros licitadores.

2. FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL, por non xustificar adecuadamente conforme aos criterios fixados na cláusula 15.4.3. do prego de cláusulas administrativas a súa oferta, de conformidade co informe da arquitecta municipal.

3. HORDESCÓN SL, por non xustificar adecuadamente conforme aos criterios fixados na cláusula 15.4.3. do prego de cláusulas administrativas a súa oferta, de conformidade co informe da arquitecta municipal.

4. MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL, por non xustificar adecuadamente conforme aos criterios fixados na cláusula 15.4.3. do prego de cláusulas administrativas a súa oferta, de conformidade co informe da arquitecta municipal.

5. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, por non presentar ningunha documentación xustificativa da súa oferta.

2º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., polo prezo de: 752.119,96 €, IVE incluído, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustifica a baixa temeraria segundo o informe da arquitecta municipal, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo.

3º) Publicar no perfil de contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público os informes da arquitecta municipal e a acta desta sesión para xeral coñecemento.

4º) Requirir á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., para que presente, dentro do prazo de dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación establecida na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas e a constitución da garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 31.079,34 euros, e da garantía definitiva complementaria polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 31.079,34 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017,

de 8 de novembro, de contratos do sector público; os documentos orixinais das garantías deberán presentarse para o seu depósito na tesourería municipal.

6. A Mesa de Contratación en sesión do 08.03.2021, acordou:

Tras a análise da documentación por parte da Mesa de Contratación esta acorda que a empresa presenta toda a documentación requirida en prazo e de maneira correcta polo que considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicado este contrato.

1º) Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., polo prezo de:752.119,96 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do tipo de licitación de:198.606,82 euros, IVE incluído, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustifica a baixa temeraria segundo o informe da arquitecta municipal, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo.

Visto o informe de fiscalización favorable de intervención, e considerando que consonte co disposto na D.A. 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o órgano competente para a adxudicación do contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno do 27.06.2019 (BOP do 03.07.2019), propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º) Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L., CIF: B-15293145, a execución do contrato de obras de: Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, polo prezo de:752.119,96 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do tipo de licitación de:198.606,82 euros, IVE incluído, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustifica a baixa temeraria segundo o informe da arquitecta municipal, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo.

2º) Aprobar o gasto con cargo á aplicación:1532.61904.

3º) De conformidade co previsto na cláusula 15.7 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares contratar polo sistema de contrato menor de servizos, consonte co disposto no art. 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como director facultativo das obras ao enxeñeiro de camiños, canais e portos, autor do proxecto, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, de Estudio Técnico Gallego, S.A., polo prezo de: 13.158,75 euros, IVE incluído, consonte coa súa oferta de data 10.03.2021, aprobando o gasto con cargo á aplicación presupostaria: 151.22706, onde consta retido crédito para este fin (RC 220210001079).

4º) Nomear coordinadora da seguridade e saúde das obras á arquitecta municipal.

5º) Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

6º) Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación e logo da súa formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da LCSP.

7º) Remitir ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no art. 335.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, copia certificada do documento en que se formalice o contrato, xunto cun extracto do expediente de contratación, dentro dos tres meses seguintes á data de formalización do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.



Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González